

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de novembro de 2019**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 18.00 horas o día 21 de novembro de 2019, réunese a comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2019.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de outubro de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 17 de outubro de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO POPULAR E DEMOCRACIA OURENSANA EN DEFENSA DAS LIBREDADES EDUCATIVAS CONSAGRADAS NA CONSTITUCIÓN.-

D. César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular, expón o contido da moción.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, manifesta, como non pode ser doutro xeito xa que é unha moción conxunta, o apoio do seu grupo, recoñecendo a consolidada doutrina do Tribunal Constitucional sobre o dereito e liberdade de ensino recollido no artigo 27.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, indica que o seu grupo subscribe tamén o contido da moción, e que as recentes declaracións da ministra de Educación son un ataque directo a moitas familias que exerceron ese dereito á liberdade de ensino. Anuncia que votará a favor da moción.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica que se alegra de que o Grupo Popular manifeste a importancia da defensa das liberdades constitucionais, engadindo que esa defensa debería facerse extensiva a todas as liberdades recoñecidas na Constitución e a outras recoñecidas nas leis. Lembra como o Partido Popular e o Partido Socialista fixeron unha reforma expés do artigo 135 da Constitución, porque naqueles momentos lles interesou, querendo con isto poñer de manifesto que a Constitución podería modificarse noutras moitas cuestións. Respecto do contido da moción, indica que o BNG é un firme defensor da educación pública e gratuíta, sen que isto signifique que non respecten outras eleccións que realicen as familias no marco da liberdade de ensino. En todo caso indica que reservan o voto para o Pleno.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, indica que a educación concertada se cofinanciou na época do goberno socialista de Felipe González, para así poder

garantir o acceso á educación de moitas familias que nese momento, por cuestións xeográficas e doutro tipo, non podían acceder en condicións de igualdade. Sen prexuízo disto, o Estado debe poñer o seu acento na defensa do ensino público e gratuíto, cuestionando algunhas políticas de comunidades autónomas con competencia educativa, que cofinancian centros que segregan por sexo. Insiste en que o Estado debe defender ante todo un ensino público, sen que isto implique ningún ataque a outros modelos educativos.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, lembra, ao fío do comentario do representante do BNG sobre a modificación da Constitución, que esta tamén foi modificada no seu artigo 15, que moi poucas veces se fai alusión a que supuxo a eliminación da pena de morte do noso ordenamento xurídico incluso en tempos de guerra.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable de Grupo Popular (5), de Democracia Ourensana (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Respetar e defender a Constitución Española e a xurisprudencia emanada do Tribunal Constitucional en relación co artigo 27º, que sitúan no mesmo plano de igualdade o dereito á educación e a liberdade en ensino, mediante un desenvolvemento harmónico de ambos dereitos.

2º.- Garantir que os pais/nais, como primeiros responsables da educación dos seus fillos/as escollan o tipo de educación e o centro educativo onde escolarizalos.

3º.- Defender a rede de centros concertados como garantes da existencia dunha oferta plural complementaria á rede pública, tal e como manifestou o Tribunal Constitucional, e polo tanto defender a liberdade de elección das familias, asegurando a igualdade de oportunidades delas no exercicio deste dereito, o que implica que ambas redes, pública e privada-concertada terán que ter os recursos necesarios que aseguren este dereito.

4º.- Promover e apoiar a autonomía organizativa e pedagóxica dos centros, respectando o seu carácter propio, para desenvolver proxectos educativos de calidade que poidan responder ás inxedanzas e prioridades das familias co fin de que estas poidan escoller con total liberdade.

5º.- Garantir a existencia e gratuidade dos centros de educación especial, tanto na rede pública como na privada-concertada, como garantes da liberdade de elección das familias.

6º.- Respetar e cumprir co artigo 27º.3 da Constitución que obriga aos poderes públicos a garantir o dereito que asiste aos pais/nais para que os seus fillos/as reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.

7º.- Abandonar calquera intento dirixido a suprimir a demanda social do artigo 109.2 da LOMCE como factor determinante por parte das administracións á hora de ofertas as prazas educativas.

8º.- Darlle traslado deste acordo ao Goberno de España par que, a través do cumprimento de todos os puntos desta proposta,, defenda e garanta as liberdades educativas consagradas na Constitución Española.

3º- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, roga que, en relación co Plan de cooperación cos concellos en materia de mocidade, se aumente a dotación orzamentaria e que ese incremento sexa distribuído entre todos os concellos con criterios obxectivos, xa que, na súa opinión, non é de recibo que concellos con moi poucos menores no seu padrón municipal teñan a mesma axuda que concellos que supera o millar de menores de idade.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, subscribe o rogo realizado polo portavoz do BNG.

E, ás 18.15 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.